

Guía

Didáctica

Orientacións para o profesorado



Unit 8

MÓNICA MONTERO PARCERO
BAUTISTA RAMOS SAIÑAS



Relative Pronouns
Vocabulary: Global Issues
Treasure Hunt: World Hunger
Cross-curricular: The Refugee Crisis
Real English
Cultural Spot
Mind Twisters

1. - INTRODUCCIÓN:

"Global Issues" é unha unidade didáctica creada por Mónica Paula Montero Parcerro e Juan Bautista Ramos Saíñas durante un período de licenza por estudos, modalidade 2, concedida pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia para o curso 2021/22.

Destinatarios: centrada nos contidos propios de 3º da ESO, serve como consolidación e/ou introdución a novos coñecementos sobre os temas aquí tratados.

Materias, contidos e competencias básicas: abrangue contidos propios das áreas de Lingua Inglesa, Xeografía e Historia, TIC, Valores éticos e Matemáticas. Mesmo algún dos temas como a crise dos refuxiados ou as actividades dos proxectos préstanse a ser traballados na hora de tutoría. Na unidade trabállanse as cinco destrezas necesarias para a adquisición dunha lingua estranxeira (Comprensión escrita, comprensión oral, produción escrita, produción oral e mediación) así como conceptos máis propios de temas transversais como o traballo en equipo.

Esta unidade pretende contribuír á adquisición das seguintes competencias clave:

- **Comunicación Lingüística:** o conxunto das actividades interactivas e multimedia presentes nesta unidade van encamiñadas a mellorar as 4 destrezas da aprendizaxe da lingua inglesa.
- **Competencia dixital:** a unidade preséntase en formato dixital e require do alumnado aprender a manexarse cunha certa soltura.
- **Competencia social e cívica:** expresando as propias ideas e escoitando as alleas tanto no traballo cooperativo como na caza do tesouro. Esta competencia favorece tamén a comprensión da realidade histórica e social do mundo. O tema de vocabulario e o cross-curricular desta unidade tamén favorecen a adquisición desta competencia.
- **Conciencia e expresións culturais:** Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música (apartado "song"). Tamén se potencia a sensibilidade artística en relación ás artes plásticas a partires da serie de Goya "Os desastres da guerra".
- **Aprender a Aprender:** o subapartado "Guide" dentro de diversas seccións, pretende que o alumnado a use como boa práctica de aprendizaxe.

3º ESO. Unit 8: Global Issues

- **Autonomía e iniciativa persoal:** responsabilizándose da elaboración das tarefas e proxectos propostos na unidade xa sexan individuais ou colectivos con confianza, creatividade e sentido crítico.

A unidade divídese en 9 apartados fundamentais:

- **REVIEW:** Esta sección serve para repasar os contidos gramaticais vistos con anterioridade no curso: tempos verbais, condicionais, modais e voz pasiva, xunto cun tema de repaso (adxectivos rematados en –ing ou en –ed) para a xente coa materia pendente.
- **GRAMMAR:** Nesta unidade traballaremos co uso dos pronomes relativos en lingua inglesa.
- **SONG:** Con esta actividade “lúdica”, refórzase a estrutura gramatical aprendida.
- **VOCABULARY:** Problemática social.
- **WEB TASK:** Caza do Tesouro → A fame no mundo.
- **CROSS- CURRICULAR:** A crise dos refuxiados.
- **REAL ENGLISH:** Como solicitar asilo en España.
- **CULTURAL SPOT:** As principais ONGs.
- **MIND TWISTERS:** Sección de actividades máis lúdicas onde se traballa o pensamento lóxico e a competencia matemática.

Ámbito: baséase fundamentalmente no uso do ordenador cun navegador web recente como Mozilla Firefox, Chrome, Opera, Maxthon ou Safari como soporte básico de toda a unidade, aínda que tamén aparecen propostas concretas nalgunha actividade para o seu desenvolvemento no caderno do alumno ou outros soportes que o docente estime oportuno. Só hai un paquete de actividades (“speech recognition”) que funciona unicamente en Chrome ou en Maxthon na data de elaboración da unidade.

Temporalización: pensada para aproximadamente tres semanas. Dada a organización máis habitual dos contidos do terceiro curso da ESO, esta unidade sería a última do curso. Non obstante, teña presente que calquera dos seus apartados poden constituír un recurso independente e doadamente integrable na súa propia organización.

3º ESO. Unit 8: Global Issues

Interface: moi sinxela, baseada nun menú despregable, situado na parte superior, dende o cal se pode acceder a cada un dos distintos apartados cun simple clic. Prestouse especial atención a que, nas actividades que puidesen requirir dun enlace externo, xa sexa a unha páxina de consulta ou ben a materiais embebidos, aparezan sempre nunha segunda ventá de forma que poida ser minimizada, realizar a consulta oportuna, ou reproducir / parar e volver ás actividades.

A continuación ten unha descrición dos apartados presentes nesta Unidade Didáctica:

1.- REVIEW:

Nesta sección ofrécense actividades de repaso do xa visto durante o curso.

1.1 –ing or -ed:

Cinco actividades para repasar a diferenza entre os adxectivos que rematan en –ing e os que rematan en –ed:

The screenshot shows a digital interface for a language activity. At the top, there's a blue header with 'Unit 8' on the left and '-ing or -ed Adjectives' in the center, with 'MIND MAP' written below it. Below the header is a sidebar with 'ACTIVITIES' and a list of icons (1, 2, 3, 4, 5). The main area is titled 'Activity 2' and contains the instruction 'Drag and drop these adjectives to make meaningful sentences:'. There are five sentences with blank boxes for adjectives: a.- We read an [] story in yesterday's lesson. b.- The results of the test were []. Only five students passed it. c.- I was [] when I read your project. I thought you were going to do it better. d.- María is a funny girl. I never get [] when I'm with her. e.- I am [] in studying Maths. To the right of the sentences is a list of adjectives in blue boxes: interesting, disappointing, disappointed, bored, and interested. Further right is a small box showing 'ATTEMPTS: 0/4' and 'POINTS: 0/10'. At the bottom right is a large blue box with a white question mark. The footer of the interface says 'Created by Mónica Montero & Bautista Ramos'.

1.2 Mixed tenses:

5 actividades para repasar a diferenza entre os tempos verbais traballados en todo o curso: Presente Simple, Presente Continuo, Pasado Simple, Pasado Continuo, Presente Perfecto e os diferentes futuros.

Unit 8

Mixed Tenses
MIND MAP

ACTIVITIES
>1 >2 >3 >4 >5

Activity 2
Irregular verbs. Complete this table:

BASE FORM	SIMPLE PAST	PAST PARTICIPLE
BUILD		
	BRED	
		DREAMT
		FLOWN
FORESEE		
	LEANT	
		MISTAKEN

ATTEMPTS:
0 / 4
POINTS:
0 / 10

?

Created by Mónica Montero & Bautista Ramos

1.3 Conditional Sentences:

Coas actividades deste paquete reforzamos a estrutura dos dous tipos de condicionais traballados:

Unit 8

Conditional Sentences
MIND MAP

ACTIVITIES
>1 >2 >3 >4 >5

Activity 4
Correct the mistakes:

1.- If you studied more, you **will** pass, but the exam is in one hour.
2.- If we **won't** take the bus, we won't arrive on time.
3.- She would help me if I **payed** her.
4.- If I **am** you, I would go to the zoo.
5.- She will understand it if he **explain** it slowly.

ATTEMPTS:
0 / 3
POINTS:
0 / 10

?

Created by Mónica Montero & Bautista Ramos

1.4 Modal Verbs:

Repasamos os diferentes usos dos verbos modais vistos neste curso:

Unit 8

Modal Verbs
MIND MAP

ACTIVITIES
»1 »2 »3 »4 »5

Activity 3

Tick the correct modal verb:

1.- His flight from Toronto took 11 hours. He _____ be exhausted.
☐ must
☐ can
☐ should

ATTEMPTS:
0/4
POINTS:
0/10

?

← Created by Mónica Montero & Bautista Ramos → X

1.5 Passive Voice:

Finalmente, repasamos o uso do presente simple e do pasado simple en pasiva:

Unit 8

Passive Voice
HELP FILE

ACTIVITIES
»1 »2 »3 »4 »5

Activity 1

Change these tenses into the passive voice:

ACTIVE VOICE	PASSIVE VOICE
Writes	<input type="text"/>
Took	<input type="text"/>
Find	<input type="text"/>
Recovered	<input type="text"/>
Stole	<input type="text"/>
Catch	<input type="text"/>
Used	<input type="text"/>


ATTEMPTS:
0/5
POINTS:
0/10

?

← Created by Mónica Montero & Bautista Ramos → X

1.6 Game-Based Learning: Who wants to be a millionaire.

Rematamos a sección dun xeito máis lúdico, cunha versión do famoso xogo “Quen quere ser millonario”:



2.- GRAMMAR:

O tema de gramática desta unidade é o uso dos pronomes relativos.

2.1 Reference material:

2.1.1 Guide

Guía didáctica explicativa do uso dos diferentes pronomes relativos. Ao profesorado apórtalle unha serie de recursos para explicar as características dos pronomes relativos dende un ordenador, ben usando un proxector ou ben utilizando un taboleiro dixital como apoio para a explicación. O botón “N” permítenos “agochar” as palabras en grosa que son as palabras chave para ver se o alumnado entendeu a explicación ou para a propia autoaprendizaxe. O botón co cartafol contén unha actividade interactiva e os botóns coas cadeas son ligazóns a páxinas externas con exercicios.

3º ESO. Unit 8: Global Issues

Global Issues

Start Review Grammar Song Vocabulary Web Task Cross-curricular Real English Cultural Spot Mind Twisters

RELATIVE PRONOUNS AS SUBJECT

If the relative pronoun is followed by a verb, the relative pronoun is a subject pronoun and can **NEVER be omitted**. Let's study these examples:

- *The man who lives next door is 99.*
- *The boy that lost his watch is Tom.*
- *The book which is on the table is mine*

RELATIVE PRONOUNS AS OBJECT:

1.- When the relative pronoun is the direct object of the clause, and refers to a human, the pronoun used is either "**whom**" (instead of "who") or simply "**that**".
The man whom/that I saw yesterday is Ann's grandfather

2.- When an inanimate object is referred to, "**which**" or "**that**" should be used. If the sentence gives extra information (a non defining relative **clause between commas**), "**that**" cannot be used.
This book, which I was reading yesterday, was very interesting.

← ↻ N ↵ 🔗

2.1.2 Mind Map

Mapa conceptual cos diferentes pronomes relativos traballados na unidade.

2.2 Relative Pronouns:

Paquete con catorce actividades para traballar a diferenza no uso dos diferentes pronomes de relativo:

Unit 8

Relative Pronouns

Activity 5

Join the different parts by clicking on the different items to make four meaningful sentences. Click on "?" to check your answers:

The man

This is the city

This is the bank

This is the dog

who

which

where

whose

I was born.

was robbed yesterday.

robbed the bank was old.

owner was fined.

ATTEMPTS:
0/4
POINTS:
0/10

?

← Created by Mónica Montero & Bautista Ramos →

O alumnado pode en todo momento "moverse" polas distintas actividades que forman o grupo, ben a través do "índice de actividades" (números na marxe superior esquerda), ben a través das frechas de "seguinte/anterior" (na parte inferior). É importante ter en conta que, en calquera momento de execución deste grupo de exercicios interactivos, podemos obter un informe de avaliación do traballo desenvolvido, "**auto avaliación**", pulsando sobre o botón gris da esquina superior esquerda.

Ao premer na auto-avaliación, podemos observar o número de intentos que realizou o alumnado, se rematou a actividade con éxito, cantos intentos precisou e os puntos obtidos. Se poñemos o cursor enriba do número aparecerá unha subtáboa, dándonos máis detalles desa actividade concreta. Pode solicitar que o alumnado faga unha captura de pantalla cos resultados e que lla envíe, ou ben pode crear o seu propio control de usuarios e usalo cos paquetes de actividades propostos. Dese xeito, sempre e cando as actividades estean aloxadas nun servidor web, vostede terá acceso en todo momento a ese informe.

2.3 Listening:

Traballamos con cinco actividades interactivas que fan fincapé na destreza de comprensión oral. Na actividade da imaxe inferior, por exemplo, deben escoitar e escoller a frase que mellor completa a escrita, tendo coidado co pronome relativo que uniría ambas frases:

Unit 8

Listening Activities

ACTIVITIES

>1 >2 >3 >4 >5

Activity 2

Listen and choose the right ending:

This is the girl ...

Four audio player icons are displayed in a 2x2 grid.

ATTEMPTS: 0/5
POINTS: 0/8

?

Created by Mónica Montero & Bautista Ramos

3º ESO. Unit 8: Global Issues

2.4 Writing:

Traballamos a destreza de expresión escrita. Neste caso a proposta é que o alumnado defina unha serie de conceptos que logo usaremos no apartado de vocabulario (cruz vermella, fame, refuxiados, Siria e Greenpeace) coa obriga de usar un pronome relativo para definición.

2.5 Speaking:

Traballamos a destreza de expresión oral con esta serie de tarxetas de conversación que o alumnado debe ir descubrindo e definindo os conceptos mediante un pronome relativo:

Uncover one of these conversation cards and try to define it so that your classmates can guess it. You need to use a relative pronoun (who, which, when and where):

Instagram			
			December
		An actor	

2.6 Game-Based Learning: Deactivate the Bomb:

Rematamos esta sección dun xeito máis lúdico. Para desactivar a bomba o alumnado debe acertar a resposta a cada pregunta:

Global Issues Unit 8

Start Review Grammar Song Vocabulary Web Task Cross-curricular Real English Cultural Spot Mind Twisters

He's the man _____ son plays for R.C. Celta

QUESTION 1

Who Whose Which That

3.- SONG:

O alumnado deberá escoitar a canción "You are still the one" de Shania Twain, para traballar a destreza de comprensión oral e ao mesmo tempo reforzar unha das estruturas gramaticais traballadas: O uso dos pronomes relativos.

3.1 You are still the one

Paquete con 5 actividades para ir facendo ao mesmo tempo que se vai escoitando a canción. Aproveitamos a "escusa" da canción para seguir afondando no aspecto gramatical que se traballa nesta unidade, como xa se explicou con anterioridade.

Shania Twain, Robert John
"Mutt" Lange. 1978.

You are Still the One
VIDEO

ACTIVITIES
»1 »2 »3 »4

Activity 2

Fill in the blanks with a suitable relative pronoun. When it is omitted in the song, enclose it with brackets:

(you're still the one) You're still the one I run to,
The one I belong to.
You're still the one I want for life.
(you're still the one) You're still the one I love.
The only one I dream of.
You're still the one I kiss good night.

ATTEMPTS:
0/4
POINTS:
0/6

?

Created by Mónica Montero & Bautista Ramos

4.- VOCABULARY: Global Issues

4.1.- Pictionary.

Premendo neste enlace ábrese unha guía do vocabulario que precisa ser aprendido. Amósanse as imaxes a xeito de dicionario visual. Ao premer nelas, as imaxes veñen á fronte. Ao premer na icona coa nota musical, ábrese un reprodutor que nos permite escoitar como se debe pronunciar dita palabra. Ao premer na frecha, obtemos unha definición do concepto. Observe a imaxe inferior:



4.2.- Global Issues.

Dez actividades diferentes para traballar a adquisición e practicar a forma escrita do vocabulario relacionado con temas de interese social:

3º ESO. Unit 8: Global Issues

Unit 8









Global Issues

ACTIVITIES

>1 >2 >3 >4 >5
>6 >7 >8 >9 >10

Activity 3

Now, write the correct words:



ATTEMPTS:
0/4
POINTS:
0/10

?

Created by Mónica Montero & Bautista Ramos

4.3.- Listening.

Paquete con 5 actividades onde traballamos a comprensión oral relacionada co vocabulario da unidade. Na actividade da imaxe pode escoitar o son premendo nas frechas ou ben na imaxe do alt falante:

Unit 8

GLOBAL ISSUES - LISTENING ACTIVITIES

ACTIVITIES

>1 >2 >3 >4 >5

Activity 1

Listen and click on the right picture:




ATTEMPTS:
0/5
POINTS:
0/10

?

Created by Mónica Montero & Bautista Ramos

4.4 Speech Recognition:

Este paquete con tres actividades debe resolverse premendo no micrófono e pronunciando en voz alta a solución (consulte o documento técnico para maior información). Teña en conta que polo momento este tipo de actividades só pode efectuarse cos navegadores Chrome ou Maxthon:



4.5 Writing activity.


A proposta neste caso é que o alumnado reflexione sobre outra das lacras sociais: a violencia contra a muller. Ao rematar o documento, deben subilo ao xestor de arquivos que explicamos máis en detalle na seguinte sección.

4.6 Speaking:

Neste caso, a actividade de produción oral é para realizar na propia aula. O alumnado debe poñer en orde da importancia que consideren os problemas sociais traballados e explicar a razón diso.


Para facelo teñen unha serie de imaxes e textos que poden arrastrar á pantalla principal desde a barra de navegación:

3º ESO. Unit 8: Global Issues



Fíxese que ao arrastrar unha das imaxes á ventá principal, aparecen varios botóns: as frechas das esquinas serven para ampliar ou diminuír o tamaño da imaxe. Os botóns + e – aumentan e diminúen a transparencia da imaxe. A frecha cara a esquerda permite desfacer a última transformación. A frecha da parte superior permite xirar a imaxe. A icona coa papeleira elimina a imaxe da pantalla principal. Por último o círculo da parte inferior fai desaparecer os botóns desa imaxe.

Premendo no botón “T” podemos incorporar os nomes deses problemas sociais. Novamente veremos varias opcións ao incorporar o nome:



Ademais das opcións vistas na imaxe temos a posibilidade de darlle formato ao texto con máis ou menos transparencia, cursiva, grosa, maior ou menor tamaño e mesmo cambiar a cor do mesmo.

Co botón “T+” podemos escribir o texto que queiramos e incorporalo tamén á pantalla principal.

Co botón da cámara de fotos podemos facer unha captura de pantalla e enviala ao profesorado se fose preciso.

Por último, o botón co círculo vermello permite gravar a pantalla. Para iso, logo de premer nel, debemos activar a casa “Record Microphone” e premer en “Connect”:



Aparecerá un novo botón, “Start”, e prememos nel para comezar a gravación. Probablemente precise darlle permiso de uso tanto ao micrófono como á cámara web e seleccionar a ventá que desexe gravar. Verá tamén un novo botón, “Stop”, que permite parar a gravación. Ao premer nel a gravación de pantalla rematará e automaticamente descargará un vídeo co nome “ArdoraPizarra” en formato webm. Vostede pode solicitar que poñan o seu nome no ficheiro e mesmo que usen un convertedor online para pasar o vídeo a outro formato máis común como mp4 ou avi.

4.7 Masters of War Project:

Un dos problemas sociais tratados no tema é a guerra. Así que abordaremos este tema no proxecto incorporado nesta sección.

4.7.1 Task 1: Dylan’s Song:

Traballamos en primeiro lugar coa canción de Bob Dylan que da nome ao proxecto e que é un dos grandes alegatos antibelicistas da historia da música:

3º ESO. Unit 8: Global Issues

Bob Dylan, 1963.

MASTERS OF WAR
VIDEO

ACTIVITIES

>1 >2 >3 >4 >5
>6 >7 >8

Activity 2

Drag and drop these words to complete this paragraph:

You that never done nothin'
But build to
You with my world
Like it's your little
You put a gun in my hand
And you hide from my eyes
And you turn and farther
When the fast fly

bullets
play
toy
run
destroy

ATTEMPTS:
0/4
POINTS:
0/10

?

Interactive activities created by Mónica Montero & Bautista Ramos


4.7.2. Task 2: Pictures:

O alumnado debe poñer unha serie de imaxes en orde en función das cinco primeiras estrofas traballadas na canción. Ademais deben traballar en equipo para deseñar as súas propias viñetas para as estrofas que faltan:

Global Issues Unit 8

Start Review Grammar Song Vocabulary Web Task Cross-curricular Real English Cultural Spot Mind Twisters

TASK 2:
These pictures represent the five first paragraphs of the song.
Your first task here is to find out which paragraph of Dylan's song each picture is related to and explain why.
Click on each image to enlarge it:



Now, it's your turn. You have to work in pairs and design a new image representing one of the last three paragraphs of the song.
You will show your creations to the rest of the classroom so that they can guess which paragraph you are trying to illustrate.
Be creative!!!

4.7.3 Task 3: Written Mediation:

O alumnado adopta o papel de mediador para contar de que vai este famoso texto de Eduardo Galeano sobre a industria armamentística.

4.7.4 Task 4: Disasters of War:


O alumnado ten que describir ,o mellor que poida, algunhas das imaxes da famosa serie de Goya “Os desastres da guerra”:

Global Issues Unit 8

Start Review Grammar Song Vocabulary Web Task Cross-curricular Real English Cultural Spot Mind Twisters


This book shows some information about Goya and his "Disasters of War" series. You have to work in small groups and choose two of these prints. Describe them as much as possible. Explain also why you chose those prints.

Truth has died:



3

On Account of a Knife:



4

4.7.5 Task 5: Thinking Further:

Preséntase unha viñeta crítica coas potencias que favorecen as diferentes guerras e o alumnado debe reflexionar sobre a mesma.

Global Issues Unit 8

Start Review Grammar Song Vocabulary Web Task Cross-curricular Real English Cultural Spot Mind Twisters


TASK 5: Thinking Further

What do you think this picture shows? Click on it to enlarge it and talk about it for two minutes.



4.8. Game-Based Learning: Bowling Quiz:

Simulando unha boleira, preséntase este quiz sobre o vocabulario visto na unidade:



5.- WEB TASK:

Dende este apartado inténtase motivar ao alumnado na realización doutras tarefas, realizando unha aprendizaxe construtiva e baseándonos en información dispoñible na rede. Neste caso levaremos a cabo unha caza do tesouro, que terá como obxectivo final que os/as alumno/as reflexionen sobre as razóns e causas de que haxa fame en moitos lugares do mundo.

5.1.- Treasure Hunt

O alumnado ten que buscar a resposta as preguntas formuladas no apartado "Questions". Os recursos xa están seleccionados para evitar confusas pescudas e proporcionan exactamente a información que queremos que lean, e non só a páxina principal dun sitio que os podería levar a perder demasiado tempo e enerxía. No apartado "Big Question" deben preparar unha presentación con todo o aprendido para tratar as causas de que haxa fame no mundo.

Global Issues Unit 8

Start Review Grammar Song Vocabulary Web Task Cross-curricular Real English Cultural Spot Mind Twisters

WRITE DOWN THE ANSWERS TO THESE QUESTIONS AND UPLOAD THE DOCUMENT TO OUR [FILE MANAGER](#):

1.- Using your own words, explain the difference between "appetite" and "hunger".

2.- What are the 3 types of hunger? Explain them.

3.- Define "malnutrition" using your own words.

4.- List some of the diseases caused by malnutrition indicating which nutrients cause them, and what are their signs and symptoms.

5.- Explain what happens in the different phases of starvation.


6.- Which country has the highest level of hunger in the Western World?

7.- Define "gleaning" using your own words.

8.- What are LIFDC's? Why are people going hungry there?

9.- List 3 organizations working to fight famine all over the world.

10.- How does "The Hunger Site" work?



← →

5.2 File Manager:

Este xestor de ficheiros permítelle ao alumnado aloxar “na nube” os ficheiros que lles sexan solicitados, neste caso o produto final da caza do tesouro.


Primeiro de todo deben identificarse co nome de usuario/a e contrasinal que lles foi facilitado:

Data



A continuación entrará nun sistema de ficheiros moi doado de usar:

3º ESO. Unit 8: Global Issues



Antes de nada debemos (como profes e como alumnos) crear un cartafol onde subir os arquivos. Para iso, prememos no botón da esquina inferior esquerda.

A continuación ábrese unha ventá emerxente que permite poñerlle nome ao cartafol




Só nos quedaría premer no botón verde, e o noso cartafol estará creado:

Como observamos na imaxe da esquerda, o cartafol está creado (círculo azul).


Agora só queda subir arquivos a ese cartafol, para iso prememos na frecha sinalada na imaxe da esquerda.

Logo de premer na frecha, ábrese un explorador de arquivos que nos permite escoller o arquivo que queremos subir:

3º ESO. Unit 8: Global Issues



Ao premer no botón verde de validar, vemos que xa está incorporado o arquivo:



6.- CROSS-CURRICULAR: The Refugee Crisis.

Neste apartado, tocamos o tema da crise dos refuxiados desde un punto de vista multidisciplinar.

6.1.- Reference Material:

6.1.1.- Guide:

Guía didáctica na que se explican aspectos básicos para entender a crise dos refuxiados.

Global Issues

Unit 8

Start

Review

Grammar

Song

Vocabulary

Web Task

Cross-curricular

Real English

Cultural Spot


Mind Twisters

The Syrian Refugee Crisis

Syria, officially "The Syrian Arab Republic, is a country in Western Asia. It is considered one of the cradles of civilization and it has been inhabited for at least 10,000 years. It borders The Mediterranean Sea and Lebanon to the west, Turkey to the North, Iraq to the east, Jordan to the south and Israel to the southwest.

Syria is home to several ethnic and religious groups, including Syrian Arabs, Greeks, Armenians, Assyrians, Kurds and Turkemens. Although Sunnis are the largest religious group, there are other religious groups such as Christians, Jews, Shiites, Salafis and Isma'ilis.

The independent country of Syria was established in late 1945 (after a few decades of French rule, which ended 400 years of Ottoman rule). Syria contains ancient places of global significance, including 6 UNESCO World Heritage Sites (for example the Ancient City of Damascus, established in the third millenium Before Christ) that used to attract tourists from all over the world.



6.1.2.- Pictionary:

Movendo o rato por riba das imaxes aparecerá unha etiqueta co nome e se prememos aprenderemos a pronunciar esa palabra:

Global Issues

Unit 8

Start

Review

Grammar

Song

Vocabulary

Web Task






Cross-curricular




Real English

Cultural Spot

Mind Twisters

Move your mouse over the different pictures to learn the vocabulary. Click on them to know how they are pronounced.

6.2 The Refugee Crisis:


Dez actividades interactivas para practicar o aprendizado sobre a crise dos refuxiados

Unit 8

THE SYRIAN REFUGEE CRISIS
MIDDLE EAST COUNTRIES SYRIA MAP HELP FILE

ACTIVITIES
>1 >2 >3 >4 >5
>6 >7 >8 >9 >10

Activity 7
Mapping the conflict. These are the most important cities in Syria. Look at the flashing points on the map and click on the right name.



Ar Raqqa
Al-Hasakah
Damascus
Aleppo
Deir ez-Zor

ATTEMPTS:
0/4
POINTS:
0/10

← Created by Mónica Montero & Bautista Ramos → ×

6.3 Listening.


O alumnado debe realizar estas cinco actividades para traballar a destreza de comprensión oral.

Unit 8

THE SYRIAN REFUGEE CRISIS - LISTENING ACTIVITIES

ACTIVITIES
>1 >2 >3 >4 >5

Activity 1
Listen and click on the right picture:



ATTEMPTS:
0/5
POINTS:
0/10

?

← Created by Mónica Montero & Bautista Ramos → ×

6.4 Writing:

A proposta neste caso é poñerse na pel dun refuxiado recién chegado á nosa cidade. Teñen que escribirlle unha carta á familia contando a súa nova vida.

6.5 Speaking:

O alumnado debe expoñer diante de toda clase unha presentación imaxinando que é un neno/a refuxiado/a e dicir como era a súa vida antes e como é agora.

6.6 Being a Refugee Project:

Mini proxecto con cinco actividades diferentes sobre os refuxiados.

6.6.1 Task 1: Galician Migration Album:

Os galegos temos unha ampla tradición como emigrantes así que o alumnado debe preguntar na casa por algún familiar que estivera emigrado e contar a súa historia.


Ao acceder á páxina deben premer no botón coas 3 raias e a continuación premer na icona coa persoa para identificarse. Fíxese na imaxe da dereita →

A continuación deben inserir o nome de usuario/a e contrasinal que vostede como docente debe facilitarlles. No documento técnico ten información sobre como proceder:

The screenshot shows a web interface for '3º ESO students'. At the top, there is a header with '3º ESO' and '3º ESO students'. Below the header, there is a login form. The form has a title 'Data' and two input fields. The first input field is for the username, with the placeholder text 'Student1'. The second input field is for the password, with five dots indicating the password is hidden. Below the input fields is a green button labeled 'Enter'.

A continuación o alumnado debe volver a premer no botón coas 3 raias. Como pode ver na imaxe lateral dereita, agora as opcións cambiaron.

Desde a parte superior temos o botón co lapis que permite engadir unha nova entrega, o botón coa frecha que nos permite actualizar o contido da páxina principal; a posibilidade de poñer o contido a pantalla completa e a icona coa porta para desconectarse. O botón X permite volver ao botón coas 3 raias.



3º ESO. Unit 8: Global Issues

Ao premer no botón de editar, teremos que cubrir os seguintes campos:

Edit

Type something

TITLE

EL JUAN DE GARAY



WHEN?

50s

File

Examinar... IMG_20220425_0003.jpg

Between 1882 and 1935 there was a massive emigration to America. In the 1930s there was a decrease, after the great world economic crisis, but it continued in different waves until the mid-1960s.


Poñémoslle un título á entrada, indicamos cando sucedeu; subimos a imaxe que figurará no álbum e escribimos o texto que o acompañará. Finalmente prememos no botón de validar.

Así se verá a entrada na ventana principal ao premer na miniatura:

3º ESO. Unit 8: Global Issues

GALICIAN MIGRATION MOVEMENTS
We had better look back and start by understanding our own history. This album shows what we, galician people, consider an inherent part of our lives: MIGRATION MOVEMENTS. Ask your parents or grandparents which of your relatives had to go abroad; try to get a photo, upload it and comment on it.

EL JUAN DE GARAY



Between 1882 and 1935 there was a massive emigration to America. In the 1930s there was a decrease, after the great world economic crisis, but it continued in different waves until the mid-1960s.

There is no consensus on the exact number but everything points to the fact that there were 1.2 million Galician emigrants.

The American countries that received this emigration were: Argentina, Cuba, Brazil, Uruguay, Mexico, Venezuela and the USA. Argentina became then to be known as "the fifth Galician province".

The causes of emigration are well known: economic hardship, lack of resources, need and search for social advancement due to the precarious situation in Galicia.

This ship, docked in the image in the port of Vigo, was called "El Juan de Garay". Belonging to the Compañía Transoceánica Argentina, it was launched in 1928 under the name of Orinoco, and in 1962 it was scrapped in Castellón. Many Galician men and women had to migrate in this ship in the 50's. It was bound for Buenos Aires. It used to leave the port of Vigo or Coruña and arrive in Buenos Aires 23 days later).


Teacher - 28-04-2022 18:29:50

6.6.2 Task 2: Timeline of the Syrian Conflict:

O alumnado debe completar unha liña de tempo cos eventos máis importantes que orixinaron a crise dos refuxiados.


Ta e como vimos na tarefa anterior, temos que premer no lapis da esquina inferior esquerda e accedemos á pantalla de identificación onde debemos poñer o nome de usuario e contrasinal que o profesorado debe ofrecer ao seu alumnado:

SYRIAN CONFLICT TIMELINE
You are going to investigate about the major events in the Syrian Conflict.



Na pantalla de edición debe cubrir os seguintes campos:

3º ESO. Unit 8: Global Issues

Data	Start
Word <input type="text" value="Bashar Al Assad inherits power"/>	Year <input type="text" value="2000"/> Month <input type="text" value="6"/> Day <input type="text" value="17"/>
URL <input type="text" value="http://www.encyclopedia.com/people/history/middle-"/>	Hour <input type="text"/> Min. <input type="text"/> Sec. <input type="text"/>
Remark <input type="text" value="Dictator Hafez Al-Assad dies and is succeeded by his second son, Bashar Al-Assad."/>	<input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/>
	End
	Year <input type="text"/> Month <input type="text"/> Day <input type="text"/>
	Hour <input type="text"/> Min. <input type="text"/> Sec. <input type="text"/> <input type="button" value="Submit"/>
	Archivo imaxe
	<input type="button" value="Browse..."/> No file selected.
	 Ancho <input type="text" value="70"/>

No apartado "Word" poñemos a frase que posteriormente aparecerá na liña de tempo. No apartado "URL" podemos engadir unha ligazón para ampliar a información. No apartado "Remark" escribimos o comentario que aparecerá ao clicar na frase da liña de tempo. No apartado "Start" poñemos a data (ano, mes e día) onde situaremos dito evento. Finalmente, premendo no botón "Browse" podemos engadir unha imaxe. Ao premer no botón de validar (na esquina inferior dereita) xa temos incorporada a entrada na liña de tempo. Premendo na frase accederemos á información:



6.6.3 Task 3: Major Migration Movements:

Nesta tarefa o alumnado debe investigar sobre os grandes movementos na historia.

Ao igual que nas dúas anteriores tarefas, o alumnado debe premer novamente no botón coas 3 raias, escoller a icona coa persona e identificarse. Unha vez feito iso, debe volver a facer clic no botón coas 3 raias e agora escoller a icona do lapis para engadir unha entrada.

Estes serán os datos que terán que engadir:

Add

Type

Event

UKRAINE

Description

After Russia's invasion of Ukraine in late February 2022, nearly 4.7 million refu


Background colour



Border colour







No campo “Event” teñen que poñer o país que sufriu ese movemento migratorio. E no campo “Description” un pequeno texto explicándoo.

A entrada terá forma de “post-it” así que nos campos “Background Colour” e “Border Colour” poden escoller a cor de fondo e do bordo de dito post-it:

MAJOR MIGRATION MOVEMENTS
Human migration is the movement of people from one place to another. Migrations have occurred throughout human history. Let's research about some major migration events over recent history.

UKRAINE
After Russia's invasion of Ukraine in late February 2022, nearly 4.7 million refugees have left Ukraine and an estimated 7.1 million people have been displaced within the country.
Teacher

6.6.4 Task 4: Oral Mediation:

Nesta tarefa o alumnado debe exercer como mediador e explicarlle a unha nena ucráína recén chegada ao instituto as normas da clase.

6.6.5 Task 5: Thinking Further:


O alumnado debe reflexionar e expoñer a súa opinión sobre a diferenza no trato aos refuxiados sirios e aos refuxiados ucráínos:

Global Issues Unit 8

Start Review Grammar Song Vocabulary Web Task Cross-curricular Real English Cultural Spot Mind Twisters

TASK 5: THINKING FURTHER.

"Ukrainian refugees are treated better than Syrian refugees just because they are European" Do you agree with this statement? Explain your reasons.




6.7 Game-Based Learning: Escape from Hell

O alumnado ten que ir resolvendo unha serie de probas que lles “permitirá” pasar de Siria a Europa:

Global Issues Unit 8

Start Review Grammar Song Vocabulary Web Task Cross-curricular Real English Cultural Spot Mind Twisters



7.- REAL ENGLISH: Seeking Asylum in Spain.

Neste apartado intentarase aplicar o uso do inglés ao mundo real. Neste caso expresións relacionadas con invitacións a eventos.

7.1.- Reference Material:

7.1.1 Information

Información útil sobre o proceso para solicitar asilo en España.

7.2 Seeking asylum in Spain:

Paquete con 10 actividades incidindo nos trámites a facer para solicitar asilo.

The screenshot shows a digital activity interface. At the top, there's a blue header with 'Unit 8' on the left and 'Seeking Asylum in Spain' in the center, with 'CALCULATOR' written below it. Below the header, on the left, is a sidebar with 'ACTIVITIES' and a list of numbered links from 1 to 10. The main area is titled 'Activity 3' and contains the instruction 'Unjumble the words in each sentence:'. Below this instruction is a large rectangular box containing jumbled words: 'Freedom of key also right for refugees. movement a is'. To the right of this box is a small panel with 'ATTEMPTS: 0/5' and 'POINTS: 0/10'. Below the jumbled words box is a button with a question mark. At the bottom of the interface, there's a footer with a left arrow, the text 'Created by Mónica Montero & Bautista Ramos', a right arrow, and a close 'X' button.

7.3.- Application for Asylum

Trabállase a destreza de expresión escrita. A proposta neste caso é completar un formulario en pdf para solicitar asilo.

7.4 Role Play.

A proposta de actividades para a mellora da expresión oral consiste en gravar unha entrevista en parellas onde o estudante A fará de entrevistador e o estudante B de solicitante de asilo.

8.- CULTURAL SPOT:

Nesta sección traballaremos aspectos culturais que teñan unha relación directa cos temas tratados na unidade

8.1.- NGOs:

Lectura con información sobre que é unha ONG, como funciona e cales son as principais ONGs humanitarias. Para pasar de follas, basta con usar as frechas laterais do teclado ou ben tamén pode premer en calquera lugar da páxina do lado esquerdo para ir á páxina anterior ou ben na do lado dereito para acceder á posterior.

Global Issues Unit 8

Start Review Grammar Song Vocabulary Web Task Cross-curricular Real English Cultural Spot Mind Twisters

1.- WHAT IS AN NGO?

An NGO is a Non-Profit Organization. This type of organization is mainly engaged in local and international relief work with no economic interests such as private companies. The tasks they can carry out are very varied in different parts of the world. The main task they usually carry out is food aid to the countries that need it most.

They can also be used to raise funds to build schools, hospitals or train local people to have a better education and the country can have long-term stability. We can also find cases where NGOs act as mediators in armed conflicts to bring peace to the region.

These cases are typical in war zones such as Syria, Ukraine, Palestine or other African and Asian countries where militias terrorize the local population.

These NGOs have among their ranks thousands of volunteers who do field work, day by day; for example they prepare what is necessary to feed hundreds of people in a particular location, often in very complicated conditions. They could even be seen many times in war zones risking their own lives.

We should always remember that they do it by vocation with the sole aim of helping people. Many times the expenses are paid by themselves, such as plane tickets, accommodation and clothing.

1 2

8.2.- Collaborative Task:

O alumnado debe investigar na rede sobre as ONGs máis populares facendo unha breve descrición das mesmas.

O primeiro que deben facer é premer no botón coas 3 raias na esquina inferior dereita e logo premer na icona de usuarios para identificarse. (vexa imaxe da dereita).

A continuación deben identificarse co nome de usuario e contrasinal que lles facilitou o profesorado:





The screenshot shows a login window titled 'Username'. Below the title bar, there is a tab labeled 'ESO students'. The main area of the window contains a 'Data' section with two input fields: 'Username' and 'Password'. Each field has a small icon to its left (a person icon for the username and a padlock icon for the password). Below these fields is a green 'Enter' button.

Observe que agora as iconas no menú cambiaron. Fíxese na imaxe do lateral dereito. Para engadir unha nova entrada debemos premer na icona co lapis. Veremos a seguinte pantalla:



The screenshot shows an 'Add' form for creating a new entry. The title bar says 'Add'. Below it, the text 'Add your entry' is displayed. The form has three main sections: 'NGO' with a text input field containing 'AMNESTY INTERNATIONAL'; 'Short Description' with a text input field containing 'Amnesty International is a global movement of more than 10 mi'; and 'Background colour' and 'Border colour' with color selection boxes. At the bottom left is a red 'X' button and at the bottom right is a green checkmark button.

No apartado NGO deben poñer o nome da ONG; no campo "Description" unha breve descrición do que fan, e por último escoller a cor de fondo e do borde do post-it que conterá a súa información. O aspecto final será este:

Teacher



Non-Governmental Organizations

You have to research on the internet about popular NGOs around the world.

AMNESTY INTERNATIONAL

Amnesty International is a global movement of more than 10 million people in over 150 countries and territories who campaign to end abuses of human rights.

Teacher

9.- MIND TWISTERS

Dende esta sección preténdense traballar outras competencias como a matemática ou o desenvolvemento do pensamento lóxico con varios exercicios máis “lúdicos” para rematar a unidade.

9.1.- Picture Puzzle:


Nesta actividade desenvolvemos a agudeza visual e espacial. O alumnado debe completar este quebracabezas. Para facelo só pode mover as pezas adxacentes ao recadro en branco.

Ao facer clic en calquera das partes do puzle podemos ver a imaxe completa. No caso de usar o teclado unicamente para resolver a actividade, unha vez seleccionada calquera das pezas co tabulador se prememos a tecla “Esc” verase a imaxe completa:

Global Issues Unit 8

Start ▾ Review ▾ Grammar ▾ Song ▾ Vocabulary ▾ Web Task ▾ Cross-curricular ▾ Real English ▾ Cultural Spot ▾ Mind Twisters ▾

Improve your logical thinking with this sliding puzzle. A sliding puzzle is a very funny game consisting of moving pieces to the correct position in order to assemble the picture. The white piece can only be moved to the square next to it. Remember you can double click on any piece if you want to see the original picture. Are you ready for the challenge?



9.2.- Logical game:

Con esta proba preténdense desenvolver o pensamento lóxico, así como mellorar a comprensión escrita en lingua inglesa:

Three friends have donated some money to three different NGOs.

Read the clues and try to complete the table:

- 1) Rachel donated the highest amount of money
- 2) Mike didn't give the money to CARE
- 3) Sam donated more money than Mike
- 4) CERES received the lowest amount of money
- 5) Neither Sam nor Mike donated to IRC

NAME	NGO	AMOUNT
SAM	<input type="text" value="CARE"/>	<input type="text" value="300"/>
RACHEL	<input type="text" value="CERES"/>	<input type="text" value="200"/>
MIKE	<input type="text" value="CARE"/>	<input type="text" value="200"/>

ATTEMPTS: 0/5

POINTS: 0/10



9.3. Wordoku:

O wordoku é unha variante do Sudoku só que usando nove letras diferentes. Esas letras forman unha palabra completa que deben inserir na zona coloreada. A palabra ten relación co vocabulario visto na unidade:

Global Issues Unit 8

Start Review Grammar Song Vocabulary Web Task Cross-curricular Real English Cultural Spot Mind Twisters

A wordoku works like a Sudoku but with letters. That is to say, in each row, column and 3x3 grids there will be 9 different letters. In the coloured boxes you will be able to read the word to be revealed.

"_____ is the most powerful weapon which you can use to change the world". Nelson Mandela said.

<input type="text"/>	U	<input type="text"/>	<input type="text"/>	C	<input type="text"/>	<input type="text"/>	D	A
T	<input type="text"/>	<input type="text"/>	D	<input type="text"/>	A	U	<input type="text"/>	C
<input type="text"/>	A	C	<input type="text"/>	T	<input type="text"/>	<input type="text"/>	E	O
O	C	<input type="text"/>	N	U	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	D	U	<input type="text"/>	A	<input type="text"/>	I	<input type="text"/>	N
<input type="text"/>	T	<input type="text"/>	I	E	O	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	E	T	<input type="text"/>	I	C	O	<input type="text"/>	D
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	T	N	<input type="text"/>	<input type="text"/>	A	<input type="text"/>
A	<input type="text"/>	N	O	D	<input type="text"/>	C	U	<input type="text"/>

POINTS: 0/10

9.4. Maths & Refugees:

Paquete de actividades con 3 problemas diferentes propios do currículo de matemáticas de 3º da ESO:

The screenshot shows a web-based activity titled 'Maths & Refugees' under 'Unit 8'. It includes a 'CALCULATOR' button and a navigation bar with 'ACTIVITIES' and sub-tabs 1, 2, and 3. The main content area is titled 'Activity 2' and contains the text: 'Try to solve these questions:'. Below this, a text box describes a scenario where Ann proposes a donation plan to her father for an NGO. The plan involves donating 10 euros the first month, 2 euros the second, 4 euros the third, and doubling the amount each day thereafter. Three questions follow, each with a text input field: 'Who will donate more money after 4 months?', 'And what about if the donations were made during 10 months? Who would donate more money?', and 'What amount would Ann's father donate if the donations were made during ten months?'. To the right of the questions is a score box showing 'ATTEMPTS: 0/5' and 'POINTS: 0/15', and a question mark icon. At the bottom, it says 'Created by Mónica Montero & Bautista Ramos'.

9.5. Tangram:

O Tangrán é un crebacabezas que consta de 7 pezas coas que temos que construír un modelo. Neste caso, simulando un bote de inmigrantes. Este xogo require de enxeño, imaxinación e, sobre todo, paciencia. Téntase así mellorar o pensamento espacial e a competencia matemática (figuras xeométricas). Para arrastrar as figuras ao lenzo, hai que premer co rato nelas e arrastralas. Se queremos facelas xirar, prememos nunha das esquinas da figura.

The screenshot shows a web-based tangram puzzle titled 'Global Issues' under 'Unit 8'. It features a navigation bar with various categories like 'Start', 'Review', 'Grammar', 'Song', 'Vocabulary', 'Web Task', 'Cross-curricular', 'Real English', 'Cultural Spot', and 'Mind Twisters'. The main text reads: 'More than 106,000 migrants have tried to flee Libya by boat to Italy this year, all willing to risk everything for a better life in Europe. Can you complete this boat using the seven pieces of the tangram?'. Below the text is a grid with a grey boat shape and a set of seven colored tangram pieces (yellow, red, green, blue, purple, cyan, and white). To the right of the grid is a score box showing 'ATTEMPTS: 0/5' and 'POINTS: 0/10', and a question mark icon.


9.6 Pentominoes:

9.6.1 Instructions:

Neste menú ofrécense unha teoría sobre o funcionamento da actividade dos pentominós.

9.6.2 Activities

Paquete con cinco actividades para practicar: O alumnado debe colocar as diferentes pezas para encher o espazo dispoñible. Cada vez que prememos nunha peza aparecen 3 botóns que nos permiten rotar a peza, reflectila horizontalmente ou reflectila verticalmente:



9.7 Computational Thinking

Neste derradeiro apartado, traballamos coa lóxica que se deriva da linguaxe de programación. Para iso no primeiro apartado ("Guide") ofrécense unha serie de conceptos e claves a ter en conta á hora de comezar a programar. No segundo exercicio o alumnado debe dar a ordes pertinentes para conseguir que un refuxiado (círculo vermello) alcance a salvo o refuxio (círculo branco).

Global Issues Unit 8

Start ▾ Review ▾ Grammar ▾ Song ▾ Vocabulary ▾ Web Task ▾ Cross-curricular ▾ Real English ▾ Cultural Spot ▾ Mind Twisters ▾

Give the necessary instructions so that this refugee (red circle) reaches his/her destination (white circle).
Be careful, you can only use 4 blocks to take the refugee to a safe place!!

Navigation icons: a person icon, a circular arrow, and four arrows (up, down, left, right).

Scratch-style code blocks:

```
repeat until [ ]
do
  if path Ahead
  do
    Move forward
  else
    Turn Right
```

Scoreboard:

ATTEMPTS:
0/5
POINTS:
0/10

Buttons: a target icon, a plus icon, a minus icon, a trash can icon, and a question mark icon.

30 de xuño de 2022